

ACLARACIÓN SOBRE UN ERRO

Tede a completa seguridade de que cando, a principios do ano 2009, estabamos a preparar unha referencia á **conxectura de Goldbach** para que aparecese no número 27 de **Mathesis**, presentáronsenos importantes dúbidas á hora de tomar como boa unha imaxe que atopamos nunha web (da que conservamos o enderezo).

A máis convencida en considerar a información como escasamente fiable era a propia autora do traballo, alumna –naquel momento– de cuarto de ESO.

– Profe, a min paréceme que esta foto non é de Christian Goldbach.

Un dos motivos fundamentais que nos inducía á inseguridade era que nunha fonte que utilizamos a miúdo para cotexar cuestións sobre biografías de matemáticos, e que nos merece moita confianza (<http://www-history.mcs.st-and.ac.uk/~history/>), mostraba a seguinte información (**¡sen foto!**):



Ocorreu neses días un feito casual: Chegounos unha revista (en papel) dedicada á didáctica das matemáticas, na que aparecía unha referencia a Goldbach acompañada pola mesma foto que se mostraba na web á que fixemos referencia no primeiro parágrafo desta nota.


Iso determinou que incluísemos a tal imaxe no noso boletín número 27.

Pasou o tempo e ocorreu que no curso 2009-2010, estando na realización doutro traballo, fomos dar, tamén por casualidade, con estoutro apartado do sitio <http://www-history.mcs.st-and.ac.uk/~history/>:



¡Velaí a foto que nós utilizáramos para acompañar o artigo sobre a *conxectura de Goldbach*!

Para rematar a cuestión, a finais do curso 2009-2010, mercamos este libro:



Na páxina 11, di textualmente:

[...] *La vida de Goldbach es tan recóndita y atractiva como las peripecias de su famosa conjetura. Digamos que no se conoce ningún retrato suyo y que siempre se opuso a ser profesor, aunque aceptara con reservas ser preceptor del joven zar Pedro II.* [...]

Pois isto éche o que hai. De momento...

A Coruña, cando está a comezar o curso 2010-2011.